

ACTA SPG A GAVELA

6 de Febreiro do 2022, 10:30h

LUGAR: Vida Circular, Gondomar

PRESENTES: Estela (A Hortiña de Estela), Bea e Carlota (O Feitizal), Tomás, Álvaro e Xaquín (Vida circular), Ánxeles (Despensa), Antía (Arquipelagos), Hector (Danosahorta), Lucas (Limonos molones), Xaquín (Recuncho Verde), Cándido (Árbore)

INVITADAS: Ernes e Rosi (Aloumiños da terra)

TOMA ACTA: Cándido

ORDE DO DÍA

ALTAS E BAIXAS

Novas altas:

- Alcouve da Moura. Ninguén do Alcouve pode asistir hoxe, viñeron onte por erro. Xa se fixo a visita e presentaron a documentación. **Aprobado**.
- O Feitizal. Xa se fixo a visita e presentaron a documentación. **Aprobado**.
- Vida circular. Antes de comezar a reunión de hoxe fixemos a visita. Presentaran a documentación nos vindeiros días. **Aprobado**.

Solicitudes de alta:

- Comunidade de Montes Veciñais en Mancomún de Coruxo. Xa se fixo a visita o ano pasado e presentaron a documentación. A alta queda so pendente de que alguén da Comunidade veña a Asemblea.
- Aloumiños da Terra. Asisten hoxe como invitadas e se presentan. **Programamos a visita para o Domingo 27 ás 11:00h**.

Baixas:

Ninguén solicitou a baixa

ACTUALIZACIÓN WEB

Rematáronse de actualizar algúns aspectos menores da web. Agora faltaría principalmente encher as fichas das produtoras, tendas e grupos de consumo.

Isto non quita que se alguén ve algo mellorable ou que quere modificar do contido da web, o comente para telo en conta.

Na última asemblea decidiuse que a ficha era optativa. Por tanto para aqueles proxectos que non queiran poñer unha descrición máis detallada so aparecerán os datos básicos de contactos e documentación asociada de autoavaliacións, etc.

Estela, Despensa e Arquipelagos comentan que xa enviaron a información para as fichas da web. Tamén sería moi de agradecer que se enviaran fotos para incluír na ficha (que despois tamén se poderían usar en redes sociais).

Destácase unha vez máis que a documentación e fotos se envíen polo correo a info@agavelaspg.org (doutra forma ficaran desatendidos), e os grupos de whatsapp se dediquen so para unha comunicación máis informal.

No que se refire á comezar o traballo coas redes sociais, decídese agardar a ter o novo logo. Agardamos ter unha proposta de David (Eduardo) para a vindeira Asemblea.

SITUACIÓN DAS COMISIÓNS E TAREFAS PENDENTES

O traballo das comisións están algo desleixados, agora mesmo so os papeis de Ánxeles (Contas) e Cándido (Comunicación) parecen algo

definidos.

Proponse continuar algunhas tarefas pendentes:

- Revisión de criterios, principios e formularios de autoavaliación. Os criterios, principios e formularios poderían precisar unha revisión tanto para actualizalos coa experiencia dos últimos anos como para facelos máis cómodos de usar e cubrir. Estela, Belén e Xacobe e Aloumiños da Terra (aínda pendentes de alta) coinciden habitualmente no mercado de 4Ponlas e poderían usar esta escusa para ir facendo esta tarefa para despois debater os posibles cambios nas vindeiras asembleas.
- Revisión do Regulamento interno. Na derradeira asemblea modificouse o sistema de visita e pode que sexa aconsellable algunha actualización máis. Ánxeles, Eduardo e Cándido coinciden habitualmente en Gondomar e poderían facer esta revisión.
- Táboa de prezos mínimos. Hai algunhas dúbidas sobre esta táboa, e en todo caso precisaría dunha actualización. **Proponse compartir en privado unha folla de cálculo na que as produtoras poidan anotar os prezos orientativos para despois debater ao respecto.**

Compartiranse estes documentos nalgũa plataforma de edición colaborativa para poder revisar os avances.

ESTADOS DAS CONTAS

- Estado das contas. Temos 362€ aforrados neste momento.

Nesta Asemblea acórdase que o pagado no 2021 sería a cota do ano 2022, exceptuando os proxectos que entren neste ano que terían que aportar a cota.

Todo isto porque a día de hoxe non parece que teñamos necesidades urxentes de tesourería.

OUTROS

- Incluir na rolda de correo os proxectos dos que se aprobou a entrada hoxe.

VINDEIRA ASEMBLEA

Moaña-Limones Molones 8 de Maio, ás 10:30h, aproveitarase para facer a visita correspondente.

Teléfono de contacto de Lukas: 617902409

PUNTOS PARA A VINDEIRA ASEMBLEA

- Posibles avances en:
 - Actualización de criterios, principios e formularios de autoavaliación
 - Actualización Regulamento interno
 - Actualización de prezos mínimos
- Como se xestiona o selo para produtoras que lle mercan a outras produtoras
- Proposta de nova imaxe/logo